



¡Oh noche que guiaste!
De la inhospitalidad al encuentro

Carlos Maria Antunes, Sal Terrae, Maliaño (Cantabria), 2023, 128 pp.

Cuns poucos meses de distancia o autor ofreceunos a súa propia versión ao castelán deste libro pensado, escrito e inicialmente aparecido en portugués¹. Esta dobre publicación é un fiel reflexo da traxectoria vital de Carlos Maria Antunes (Tomar, Portugal, 1970), desde 2007 residente en Galicia como monxe do mosteiro cisterciense de Santa María de Sobrado. Os que habitamos este recanto do noroeste peninsular –e temos a sorte de poder gozar do libro na fermosa lingua do país irmán– podemos apreciar agora o significado e o valor desta reescritura en castelán. Xesto fraterno que compensa outros de

ignorancia e susceptibilidade de moitos habitantes destas dúas terras –sobre todo dos deste lado do río– que, malia a súa proximidade, séntense incomprendiblemente afastados.

Como presentar este pequeno volume sen destrípalo? Onde situalo no andel das infinitas novidades editoriais? Dicir que é un libro de espiritualidade talvez non dea conta suficiente do que en verdade é. Resoan nel, é verdade, moitos asuntos hoxe en voga na prolífica bibliografía dese xénero (a atención plena, a compaixón, a interioridade, a vulnerabilidade...), pero tratados agora de tal xeito que nos parecen novos. O libro nótrese –si– dunha sabedoría cristiá e monástica, pero asimilada con tanta vitalidade e ofre-

¹ *Oh noche que guiaste! De la inhospitalidad al encuentro*, Paulinas Editora, Prior Velho, 2023, 128 pp.

cida dun modo tan inclusivo que –segundo me consta– está a ser lido con proveito e gusto por persoas que non se atopan cómodas baixo ningunha etiqueta confesional.

O limiar do volume –a súa portada– xa nos ofrece unha primeira pista sobre a súa natureza. O verso do fermosísimo poema de Juan de la Cruz adoptado como título (*¡Oh noche que guiaste!*) evoca con emoción un prodixio marabilloso: unha noite que, malia a súa negrura, non infunde temor nin desconcerta, senón que orienta e dá seguridade, unha especie de tebra luminosa ou amable escuridade. O subtítulo, pola súa banda, fainos descender desas alturas místicas e poéticas a un terreo máis prosaico e alude a un itinerario humano que vai desde a *inhospitalidade* –neoloxismo suficientemente expresivo– ao *encuentro*.

Levar a bo termo ese fondo desexo de atoparnos co outro e comunicarnos con el é esforzo inzado de incontables dificultades, para o que non hai atallos nin receitas máxicas. Por iso, fronte á imaxe da realidade que nos ofrece a cultura domi-

nante («*un mundo sin arrugas*» e «*extrañamente luminoso*»), o autor proponnos outro xeito de ver: o recoñecemento de que vivimos á intemperie, na noite, na néboa, na incerteza; o de nos decatar de que nos atopamos escindidos, fracturados, separados dos outros xustamente porque estamos separados de nós mesmos. Pero como transformar as nosas vidas rotas en espazos acolledores, como habitar a nosa propia casa para que se poida ofrecer hospitalariamente aos outros. Carlos María convidanos o explorar unha posible saída: «E se a néboa que hai nos nosos camiños fose precisamente aquilo capaz de acender en nós o lume da compaixón? [...] E se a noite é a luz que nos guía? Ou, dito doutro xeito: e se nas fracturas que a relación expón descubrimos os alicerces do encontro?».

Con estas preguntas aparece xa desde as páxinas do substancial preliminar («*En busca del encuentro*») o paradoxo que é coma o fío vermello que dá unidade ao libro e que, unha e outra vez, reformúlase desde diferentes ángulos como mostran moitos títulos e epígrafes. Entre eles cabe citar estes: «¿Y

si el margen fuese el centro?», «La fuerza de los que no cuentan», «Entro por la puerta de la ausencia», «pan hambriento», «El resucitado es el crucificado», e de modo especial, o atrevidamente metafórico «Un Dios vulnerable». A fin de contas, a obra está inspirada nesa «antología de paradojas» que é o Evanxeo e na esperanza aberta pola Pascua de Xesús de que «no hay ninguna noche que no pueda ser atravesada por la luz».

Dúas observacións feitas ao paso resultan esclarecedoras da polaridade que subxace a todo o libro. Por unha banda, as reflexións sobre o sentido das relacións humanas que o compoñen xerminaron no chan nutricional dunha comunidade monástica; por outra, antes de facérense públicas foron compartidas cun movemento de laicos «que acoge a personas creyentes o no, en las más variadas circunstancias de la vida». Non hai, pois, muro que separe o claustro monástico do mundo, nin crentes de non crentes, pois «monjes o no, todos compartimos radicalmente –en la raíz– la misma condición humana, todos deseamos el encuentro con el otro y todos tropezamos

con innumerables dificultades en esa relación».

Tras o citado preliminar que dá conta da intención e o ton do conxunto, o libro está organizado en tres partes –I «Despertar de un sueño de separación», II «Es preciso transver el mundo», e III «La fuerza de la vulnerabilidad»– que, á súa vez, subdivídense en capítulos e unidades menores, sempre cun suxestivo título, como algúns dos máis arriba mencionados. Esta estrutura facilita a lectura a pequenas doses –lenta, meditativa– dun texto no que máis ca unha progresión temática lineal parece dominar o achegamento progresivo –como por círculos concéntricos– ao núcleo do seu significado. Organización peculiar a deste ensaio que ten moito de poemático. E non só polas varias referencias a poetas que o esmaltan, desde as dúas que lle serven de encabezamento: a estrofa de san Juan de la Cruz, da que o primeiro verso, segundo dixemos, dá título ao libro, e o microtexto de Daniel Faria («Para encontrarme me diste / la queñez»).

Unha das peculiaridades do libro é xustamente o que ben

puidésemos denominar o seu «estilo laical», a súa capacidade para integrar sen pedantería nin artificio a referencia a obras espirituais tradicionais e modernas (de santo Agostiño e san Bernardo a Merton e Tolentino Mendonça), de erudición bíblica (Meier, Aguirre, Marcus), de reflexión teolóxica pouco convencional (Bonhoeffer, Simone Weil), con suxestivos fragmentos de novelistas (Milan Kundera, Amos Oz) e moi en particular de poetas de expresión portuguesa (o xa citado Faria, Manoel de Barros, Adelia Prado) e ata o mesmo Leonard Cohen². Engadamos a isto a finura con que na sección segunda («*Es necesario transver el mundo*») se destaca a afinidade entre a práctica artística e a aventura espiritual ou simplemente humana. «La fuerza del artista proviene de sus derrotas», «*No utilice el trazo acostumbrado*», «*Es preciso deformar el mundo*», son algúns dos títulos que dan entrada a unhas

2 Dou por descontado a presenza de significativas pasaxes do Novo Testamento así como a de textos do papa Francisco, cun talante e proxecto co que tanta afinidade ten o noso autor. Véxase ao respecto o capítulo final, «La casa de la compasión y la alegría. Fisonomía de una Iglesia vulnerable».

reflexións estéticas especialmente relevantes para a finalidade proposta³.

Dos numerosos achados que me deparou a lectura deste libro vou subliñar só tres. En primeiro lugar, o vínculo que o autor –segundo a Simone Weil– establece entre mirada atenta e xenuína compaixón; unha mirada –case milagrosa polo infrecuente– «*vacía de todo contenido*», que permita ver o outro tal como é, en toda a súa verdade. Outra afirmación incitante, por inverter as perspectivas habituais: un dos mellores agasallos que podemos ofrecer aos demais é asumir a nosa propia vulnerabilidade. «*Quien niega a los demás su pequeñez comete uno de los más infelices gestos de prepotencia*», dirá Carlos Maria citando de novo a Daniel Faria. En fin, a afirmación de que Deus está onde estamos nós, nas nosas vidas tal como son, non tal como debe-

3 Como non ver neste penetrarse polo camiño da beleza (*via pulchritudinis*) unha pegada máis da familiaridade do autor co gran artista que foi –que prosa a súa!– Bernardo de Claraval. De raíz cisterciense parécenos tamén a elección da austera imaxe da portada, que reproduce *Desierto-oración*, obra do pintor Enrique Mirones, irmán de hábito e comunidade de Carlos Maria.

rían ser ou nos gustaría que fosen. Así, a pregunta de Deus a Adán –«*Onde estás?*», Xen 3, 9– serve para reler baixo unha nova luz, enlazándoas entre si, pasaxes evanxélicas tan coñecidas como as de Zaqueo, Nicodemo ou a da muller samaritana.

Un cre adiviñar que neste libro vértense e decántanse moitas reflexións paseniñamente madurecidas en horas de lectura meditativa e orante

(a práctica da *lectio divina*), ao fío dunha longa experiencia humana e cristiá. Unha obra así demanda unha lectura acorde co modo en que foi xestada. O libro rezuma cordialidade e proximidade fraterna, acollendo hospitalariamente a quen a el se achega. A ti que vas acougartarte nel deséxoche unha practiceira lectura e, despois, un bo camiño con tan excelente compañía.

Ramón Cao Martínez